En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 24334**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a intervención polo Goberno do Uruguai do hospital da Casa de Galicia en Montevideo”**, (publicada no BOPG número 224 do 10 de novembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral da Emigración**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, indicar que os centros galegos do exterior son entidades xurídicas independentes que se rexen por normas internas de funcionamento suxeitos a lexislación do país onde está radicadas. A Xunta de Galicia non ten capacidade de decisión nin exercer control sobre cuestións relacionadas coas súas actividades e funcionamento interno.

Dende esa premisa inicial de que se trata de entidades independentes e autónomas, colaboramos con eles con achegas para o seu mantemento e pervivenza, especialmente importantes nestes anos de pandemia, pero fundamentalmente traballamos para coidar e potenciar o seu papel como difusores da cultura, a lingua e do patrimonio galego, así como na súa importante contribución en manter vivos os lazos de unión das comunidades galegas coa Galicia territorial.

Polo tanto, tal e como a situación o require, estamos pendentes e seguimos moi de cerca a evolución da situación na que se atopa Casa de Galicia de Montevideo e mantemos comunicación coas autoridades do país, solicitando en todo momento que a intervención da entidade remate devolvendo a xestións aos socios e mantendo a súa identidade e independencia.

En relación as medidas levadas acabo nos últimos anos, a Secretaría Xeral da Emigración colaborou de xeito habitual con esta entidade no desenvolvemento das súas actividades de carácter cultural. No referido ao súa faceta sanitaria debemos ter presente que é unha



institución de Asistencia Médica Colectiva, enmarcada no sistema sanitario uruguai e que presta servizo a máis de 40.000 afiliados.

Entendemos que as medidas adoptadas polo Goberno do país e pola xustiza, pois así o di a sentenza que decreta a intervención xudicial, teñen por obxecto preservar a institución, a súa identidade así como a asistencia sanitaria de calidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 11:17:38
Nº Rexistro: 26753
Data envío: 29/12/2021 11:17:38.967

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2021 11:17:36

CSV: BOPGDSPG-K2Apr0Bt-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 24889**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a defensa da continuidade do complexo medio ambiental de Lousame”**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En relación ao modelo de Sogama, cómpre subliñar que o Complexo Medioambiental de Cerceda cumpre con toda a normativa europea que resulta de aplicación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 11:17:31
Nº Rexistro: 26752
Data envío: 29/12/2021 11:17:31.654

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2021 11:17:28

CSV: BOPGDSPG-K2Apr0Bt-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 24932**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a elaboración da Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e de Conectividade e Restauración Ecolóxica”**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Consello da Xunta acordou en xullo someter ao trámite de información pública o documento que recolle a Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas.

O Goberno galego impulsou unha colaboración coas universidades de Santiago de Compostela e da Coruña para a elaboración dun documento de análise e cálculos dos servizos ecosistémicos, así como a identificación dos compoñentes da infraestrutura verde. Ese traballo deu como resultado as bases científico-técnicas que serven de referente para a elaboración da estratexia galega.

O proceso de consulta pública permitirá, unha vez recollida e valoradas as propostas dos sectores implicados con competencias nesta materia, elaborar o documento definitivo para a súa aprobación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 11:17:23
Nº Rexistro: 26751
Data envío: 29/12/2021 11:17:23.904

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2021 11:17:21

CSV: BOPGDSPG-K2Apr0Bt-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24974** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre “**o novo modelo residencial para persoas maiores e dependentes previsto pola Xunta de Galicia**”, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia avanza cara un modelo residencial centrado na persoa, accesible e con maior intimidade. Un modelo residencial que se sustentará nunha maior integración da atención social e sanitaria.

Para iso, o pasado 21 de decembro constituíuse o Comité Asesor Sociosanitario encargado de deseñar este novo modelo e que conta coa participación de todos os axentes implicados:

- familiares de usuarios, médicos, profesionais de residencias e directivos do sector dos coidados.

Un modelo que cambiará para sempre o concepto actual das residencias para conseguir que os usuarios sintan o centro como a súa casa, sen interferir na súa vida diaria.

Para iso organizaranse unidades de convivencia máis reducidas, para incrementar a atención proactiva e personalizada. E aproveitarase a potencialidade das novas tecnoloxías para mellorar a calidade asistencial e o benestar dos usuarios, dentro dun envellecemento activo e saudable.

Un modelo que se perpetuará no tempo, baseado no aprendido durante a pandemia. Por iso, a súa implantación debe ser progresiva e a dúas velocidades: con medidas que se poidan facer de xeito case inmediato e outras que necesitarán unha implantación no tempo.



Para poder levar a cabo isto é fundamental a modificación da normativa; unha maior integración das residencias coa atención médica primaria e hospitalaria; así como a investigación, innovación e formación continuadas.

Nesta liña, o pasado mes de outubro o Goberno galego puxo en marcha o primeiro living lab sociosanitario na residencia de maiores da Estrada, un entorno experimental que permite a cocreación de innovación impulsada polos usuarios e profesionais, e que desenvolve solucións tecnolóxicas para integralas no novo modelo de coidados.

Ademais, cos fondos europeos vertebrados no Plan de Recuperación, construiremos no Concello de Ribeira a primeira residencia pública do novo modelo de coidados sociosanitarios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 11:17:16
Nº Rexistro: 26750
Data envío: 29/12/2021 11:17:16.014

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2021 11:17:13

CSV: BOPGDSPG-K2Apr0Bt-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25312** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para a creación dunha nova residencia de maiores pública e centro de día no antigo inmovible do Rebullón en Mos”**, (publicada no BOPG número 237 do 2 de decembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Galicia duplicou desde o ano 2009 a oferta de prazas sostidas con fondos públicos en residencias de maiores pasando 5.500 a máis de 13.000. Isto é 8.000 prazas e residencias públicas e concertadas, e 5.000 bonos para axudar ás familias a pagar unha praza na residencia que prefiran.

Ás prazas públicas residenciais actuais que hai na area social de Vigo sumaranse 150 máis correspondentes ao novo equipamento que está en fase de construción nesta cidade dentro do plan “Como na casa”.

Estas 150 prazas inclúense dentro das 900 prazas totais nos sete novos equipamentos residencias públicos que actualmente están en fase de construción nas cidades de A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense, 150 prazas en cada un dos centros de A Coruña e Vigo e 120 prazas nos centros de Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Lugo e Ourense respectivamente.

Estes novos equipamentos supoñen un impulso á ampliación da rede pública residencial para persoas maiores en situación de dependencia, reforzando a atención das persoas maiores dando máis cobertura a un maior número de persoas.



Estas novas prazas públicas suporán un avance significativo na ratio de cobertura das necesidades de atención residencial das persoas maiores, coa conseguinte diminución das persoas que se atopan no Programa de Asignación de Recursos á espera dun servizo de atención residencial.

No que respecta ao inmovible do Rebullón no concello de Mos, a Consellería de Política Social e o Concello teñen en estudo e análise un proxecto para ese complexo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 11:17:08
Nº Rexistro: 26749
Data envío: 29/12/2021 11:17:08.733

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2021 11:17:05

CSV: BOPGDSPG-K2Apr0Bt-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25446**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“a situación da rede galega de atención temperá e as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para garantir os dereitos das crianzas usuarias deste servizo”**, (publicada no BOPG número 237 do 2 de decembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como informou a conselleira de Política Social, o pasado día 21 de decembro do 2021 no pleno do Parlamento galego en resposta a unha interpelación do grupo parlamentario PSdeG-PSOE, con número de rexistro 25764 sobre o servizo de atención temperá, o Goberno galego incrementará nun 82% o orzamento destinado a esta prestación para mellorar o servizo e ampliar o número de unidades.

O vindeiro ano se destinarán 6,2 millóns de euros fronte aos 3,4 millóns de euros no ano 2021, o que permitirá manter as unidades xa existentes e abrir novas unidades ata chegar a un total de 50 unidades. Así mesmo, mellorase o servizo ao financiar o 100% das horas prestadas e ao incrementar nun 5% o prezo por hora. Neste sentido, nos últimos 11 anos o compromiso da Xunta coa atención temperá non deixou de incrementarse ao multiplicar por 12 o seu investimento e pasar de dúas unidades abertas no ano 2009 ás 36 actuais.

Nestes momentos, o Goberno galego mantén un convenio de colaboración coa Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) para o mantemento das unidades do Deza, Bergantiños e a comarca do Salnés que dan cobertura a un total de 22 concellos e financia a posta en marcha de 33 unidades municipais que presta servizo a outros 145 concellos e atenden a máis de 2000 nenas e nenos.



A colaboración do Goberno galego coas entidades sociais e locais permitiu que a atención temperá pasara nos últimos anos de ser un servizo ao alcance duns poucos e afincado nas cidades a ser unha prestación de proximidade, totalmente gratuíta e accesible. Así mesmo, este mesmo ano impulsouse o primeiro Plan de formación destinado aos profesionais do sector para seguir mellorando a calidade e unificar criterios de atención”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2021 11:16:57





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **25457**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre “**a Estratexia galega de envellecemento activo 2016-2020**”, (publicada no BOPG número 237 do 2 de decembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Estratexia galega sobre envellecemento activo dende a innovación, considérase un instrumento fundamental para a planificación e enfoque das políticas públicas da Xunta de Galicia no ámbito dos maiores.

A execución e posta en marcha das actuacións previstas para o período 2016-2020 contribuíu a posicionar a Galicia como un referente en envellecemento activo e saudable a través da mellora do benestar e da calidade de vida das persoas a medida que envellecen.

A Estratexia estableceu como colectivos crave, principais a destinatarios das medidas previstas, as persoas de idades máis avanzadas (maiores de 80 anos), as persoas que envellecen na contorna rural, as mulleres maiores e as persoas maiores con diversidade funcional.

As principais actuacións executadas durante o período 2016-2020 foron:

- Accesibilidade universal: a Consellería de Política Social concedeu distintas subvencións aos concellos galegos, destinadas á mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público, cofinanciadas polo Programa Operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2014- 2020;



- Novas tecnoloxías: fomento da utilización das TICs
- Promoción do envellecemento activo: entre as que se atopan o Programa Benestar en balnearios; Programa de benestar a través da talasoterapia; Xuntanzas de maiores; Programa lecer activo; Formación persoas maiores; etc...”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 11:16:53
Nº Rexistro: 26746
Data envío: 29/12/2021 11:16:53.077

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2021 11:16:49

CSV: BOPGDSPG-K2Apr0Bt-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 25656**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a convocatoria e resolución de axudas aos concellos en réxime de concorrencia non competitiva para actuacións de correccións de impactos paisaxísticos”**, (publicada no BOPG número 240 do 13 de decembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Instituto de Estudos do territorio tramitou a resolución de axudas tendo en conta o determinado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita lei, e de conformidade coa competencia conferida polo artigo 10 dos estatutos do Instituto de Estudos do Territorio, aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro.

Respectando o que se dispón nas bases reguladoras e cumprindo escrupulosamente co principio de transparencia, ao longo deste mes de decembro publicárase no Diario Oficial de Galicia, ademais de na páxina web do Instituto de Estudos do Territorio, a relación de concellos aos que se lle concedeu a axuda, pola orde na que se produciron as ditas concesións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 11:16:44
Nº Rexistro: 26745
Data envío: 29/12/2021 11:16:44.811

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2021 11:16:41

CSV: BOPGDSPG-K2Apr0Bt-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25665**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“o estado de execución do proxecto de reforma da OU-540 no concello de Barbadás”**, (publicada no BOPG número 240 do 13 de decembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A estrada OU-540 no seu P.Q. 4,2 ten a intersección co ramal de acceso á autoestrada A-52. Nos últimos anos, neste punto estase rexistrando certa sinistralidade, sen que, de momento, sexa treito de concentración de accidentes (TCA).

Neste ano 2021 dende o Servizo Provincial de Ourense da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) reordenouse a intersección da OU-540 de acceso á A-52 mediante balizamento e marcas viarias cunha configuración en glorieta, en troques da intersección en T que existía ata o de agora. Con esta reorganización non se limita a normal circulación de vehículos, senón todo ao contrario: a configuración en glorieta mellora os xiros dos vehículos.

A reordenación descrita leva menos dun ano realizada, en concreto dende o mes de xaneiro de 2021, e ven determinada polo adiantamento da seguridade viaria neste punto, á espera de poder realizar unha actuación definitiva e de maior amplitude. Esta actuación levarase a cabo a través do proxecto de Mellora de Seguridade Viaria na OU-540. P.Q. 4+200 (intersección coa A-52). A data de hoxe continúaase coa tramitación deste proxecto.

Por último, en canto á cuestión de se a Xunta de Galicia está a executar actualmente algunha obra de mellora e/ou acondicionamento nas proximidades do P.Q. 4,2 da estrada OU- 540, pódese informar que ao longo do verán realizouse unha actuación de mellora de seguridade viaria na glorieta dos centros comerciais do P.Q. 1,4 da referida estrada.



A actuación consistiu na execución de novos itinerarios peonís e mellora dos existentes, na mellora das condicións de accesibilidade, e no reforzo do firme do anel da glorieta e dos catro ramais de acceso, que se completou coa renovación da sinalización horizontal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 11:16:34
Nº Rexistro: 26744
Data envío: 29/12/2021 11:16:34.905

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2021 11:16:30

CSV: BOPGDSPG-K2Apr0Bt-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 25871**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres sobre **“as razóns da limitada execución orzamentaria do Instituto de Estudos de Territorio en inversións reais no ano 2020”**, (publicada no BOPG número 244 do 20 de decembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Instituto de Estudos do Territorio (IET) contou en 2020 cun orzamento axeitado á súa capacidade operativa, por importe superior aos 3,5 millóns de euros.

A parte non executada correspóndese na súa maior parte con fondos finalistas do Estado e con proxectos europeos nos que participa o IET, nos que o importe adíuse ao ano 2021 de acordo coa porcentaxe do fondo correspondente.

Con todo, cómpre ter en conta as extraordinarias circunstancias do ano 2020, que afectaron aos trámites administrativos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26824
Data envío: 29/12/2021 14:27:10.196

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2021 14:27:06

CSV: BOPGDSPG-K2Apr0Bt-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-K2Apr0Bt-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

